



COMUNICACIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE OITO (8) PERSOAS CANDIDATAS PARA A COBERTURA DE DÚAS (2) DAS TRES (3) PRAZAS VACANTES PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE XERAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUROS.

1. Por resolución do 25.02.2025 deste departamento territorial convocouse o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé na modalidade xeral para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de Muros. Neste proceso convocáronse tres (3) prazas.
2. O 28.04.2025 este departamento territorial emitiu resolución pola que se publicaba a listaxe de persoas aspirantes seleccionadas e non seleccionadas no antedito proceso selectivo e se abriu un prazo de quince (15) días hábiles a contar a partir do seguinte ao da súa publicación para presentar a documentación.
3. Transcorrido o prazo anterior, todas as persoas seleccionadas presentan a documentación requirida.
4. Tras o proceso de renovación anual dos permisos de explotación para marisqueo a pé para o ano 2026, quedan tres (3) prazas por cubrir ata acadar a cifra máxima fixada pola entidade de setenta e un (71) permisos, polo que o 08.01.2026 a confraría remite a este departamento territorial solicitude de cobertura das tres (3) prazas vacantes mediante o emprego da lista de reserva.
5. O proceso de cobertura de vacantes realizarase para tres (3) permisos de explotación polo que o número de persoas aspirantes seleccionadas non poderá ser superior ao de prazas convocadas. Sen embargo, prodúcese un empate entre oito (8) persoas aspirantes da lista de reserva que acadaron 7,00 puntos en total.





6. O apartado 4 do anexo I da resolución de 12 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé establece que:

“En caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación”.

Visto o exposto e no exercicio das súas competencias, este departamento territorial

COMUNICA:

A celebración dun sorteo para dirimir o empate xurdido entre oito (8) persoas aspirantes para acceder a dúas (2) das tres (3) prazas vacantes para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo xeral para a confraría de Muros.

As persoas aspirantes recibirán notificación deste departamento territorial informándolles da celebración do sorteo público. O resultado do sorteo determinará a posición na lista de reserva das persoas aspirantes non seleccionadas.

Lugar de celebración:

Xefatura comarcal do Mar
Praza dos Mariñeiros, s/n
15960 Ribeira

Data: 02.02.2026

Hora: 10:00h en primeira convocatoria-10:30h en segunda convocatoria

Relación de persoas aspirantes empatadas:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
ALONSO	FIGUEIRAS	MELODIA	***9031**
ÁLVAREZ	VÁZQUEZ	ESTELA	***0397**
CAAMAÑO	FERNÁNDEZ	ALMUDENA	***3634**
FORMOSO	CASTRO	MANUEL OTILIO	***5214**
FORMOSO	GARCÍA	JOSÉ MANUEL	***9653**
LOURO	LOURO	ADRIÁN	***6031**

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
direccionterritorial.mar.coruna@xunta.gal





1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
REBOLLIDO	ROMERO	MARÍA	***0156**
TRIÑANES	PATIÑO	JOSÉ ANTONIO	***7973**

Nota: ocúltase parcialmente o número de DNI en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas para continuar coa tramitación do proceso de selección.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

